



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO
EDUCACIÓN INFANTIL E
PRIMARIA PLURILINGÜE
PONTE DE XUVIA



Plan de integración das TIC

ÍNDICE:

INTRODUCCIÓN

1. PROPÓSITOS

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS

3. OBXECTIVOS XERAIS

4. OBXECTIVOS MÍNIMOS

5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN CONTINUA

6. PROGRAMACIÓN XERAL DAS TIC

7. PROPOSTAS DE TRABALLO E CONTIDOS NOS DIFERENTES CICLOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

INTRODUCCIÓN

O destino final deste Plan de introdución ás TIC é converterse nunha parte máis do noso P.E.C. e o noso P.C.C. e, polo tanto, non terá sentido se non é asumido polo centro no seu conxunto como unha parte integrante da súa realidade.

Debe ser un reflexo da nosa realidade, expresando o que facemos agora ou o que podemos facer cos medios, condicionantes e formación que conforman a nosa realidade docente.

Trátase de facer un documento vivo que nos sirva a todos os membros da comunidade educativa de referente da liña de actuación e da forma en que podemos levalo a cabo. Así pretendemos facilitar integrar as TIC no traballo co noso alumnado.

Ademais, debe supoñer un compromiso por parte de todos e todas, coa vontade de levalo a cabo. Cada un na medidas das súas posibilidades e a súa formación actual, pero consideramos moi importante afrontalo con espírito de traballo en equipo e colaboración.

Non se trata de ensinar informática ao alumnado, iso xa o irán facendo de xeito secundario, senón de que as TIC nos sirvan para achegalos de forma crítica a un mundo de posibilidades informativas e formativas.

É fundamental que a integración das TIC nas aulas chegue a “todo” o alumnado, polo que haberemos de habilitar todos os medios e recursos necesarios para que se compaxinen o dereito do alumnado a recibir unha educación dixital e do docente a decidir o seu grao de implicación no seu uso.

É moi importante que teñamos claro que temos a obriga como docentes de educar para o mundo en que vai vivir o noso alumnado e iso implica capacitalos para atopar información, manexala, contrastala, elaborala e, sobre todo, ser críticos cos contidos e as fontes.

Debido á importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e nenas as TIC, fai que deban estar presentes nos centros educativos, o cal permitirá personalizar a educación e adaptala ás necesidades e ao ritmo de cada alumno/a, de modo que adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización na vida cotiá do alumnado, nas diferentes contornas de aprendizaxe, familiares e de lecer. Polo tanto, con este plan pretendemos que o alumnado do noso centro, ao rematar a Educación Primaria, acade unha competencia dixital básica.



Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual implica utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito, resulta necesaria a creación dun plan de traballo nas TIC axeitado ás características do noso centro e do noso alumnado.

1. PROPÓSITOS

O Plan TIC pretende garantir certo grado de desenvolvemento do alumnado nas competencias dixitais básicas que se pretendan de acordo co seu nivel educativo, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado.

O profesorado de todas e de cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas para o presente curso académico.

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS

O estudo inicial, tendo en conta as características de toda a comunidade, as iniciativas xa realizadas neste campo así como as expectativas e os intereses de cara ao futuro, sinala que o noso centro parte cunha boa disposición para o pleno desenrolo das TIC, tanto polas súas experiencias de participación en diferentes modalidades de formación por parte do profesorado do centro, como polos seus traballos didácticos colaborativos aportados á comunidade educativa en cursos anteriores. Así, a tecnoloxía forma xa parte do día a día nas aulas, utilizando contidos ou materiais dixitais por parte do profesorado e, sobre todo, por parte do alumnado.



3. OBXECTIVOS XERAIS

- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte do alumnado.
- Favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas xerais do centro: programacións, memorias, plans, actividades...
- Tratamento da diversidade, atención ao alumnado con NEAE, así como medidas para promover a utilización das TIC en igualdade de condicións rexeitando toda actuación discriminatoria.
- Fomento dos valores democráticos e a potenciación do uso dos espazos comúns e compartidos do centro como verdadeiros centros de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe como a biblioteca escolar.
- A utilización e aproveitamento dos recursos TIC existentes no centro e a organización dos espazos en beneficio do plan.
- O mantemento e coidado dos recursos dixitais existentes no centro.
- Utilización da web do centro, a aula virtual, o correo electrónico e o Eva Abalar de xeito continuado por parte de toda a comunidade educativa.
- Fomentar un uso responsable das TIC tanto no profesorado como no alumnado para mellorar o seu funcionamento e evitar as incidencias que se deben a un incorrecto uso das mesmas.
- Espertar o interese do alumnado e darlle as pautas para acceder á información precisa, potenciando o seu razoamento e o seu afán de coñecemento
- Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o seu ámbito: follas informativas, páxinas Web, correo electrónico, no que se divulgue o Centro e a súa oferta educativa, diferentes informacións, relación coa ANPA, intercambio de información coas familias...
- Intensificar a utilización das TIC co fin de unificar todos os documentos do Centro e todas as informacións co mesmo formato, potenciando o correo electrónico como medio de contactar coas familias e a súa comunicación de incidencias ou simplemente como medio de comunicación vivo e activo.



4. OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Conseguir que o alumnado acceda ás TIC en xeral, e ao mundo da Internet en particular, con capacidade de procura de información e tratamento crítico da mesma.

- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e doutras formas de vida.

- Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa nas diferentes actividades do centro: páxina web, xornal escolar, actividades culturais, plans nos que participe o centro...

- Utilizar os recursos TIC como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.

- Utilizar actividades e contornas que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

- Empregar as TIC para o traballo cotiá e para as actividades da aula: programacións, actividades co alumnado, elaboración de avaliacións, explicacións, proxectos...

- Saber consultar e obter información a través das TIC.

- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades... por medio de internet (blogues, chats...).

- Procurar a inclusión de toda a comunidade educativa a través das TIC.

5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN CONTINUA

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do plan ao longo de todo o curso.

A partires desta avaliación, faranse as modificacións pertinentes para que este plan sexa un documento vivo e permita acadar os obxectivos nel indicados.

6. PROGRAMACIÓN XERAL DAS TIC

OBXECTIVOS

1. Potenciar e colaborar na xeneralización do aproveitamento dos recursos informáticos tanto por parte do profesorado como polo noso alumnado e as súas familias, familiarizándoos con estes e desenvolvendo hábitos, destrezas e habilidades que lle axuden a interactuar coas novas tecnoloxías da información e da comunicación.

2. Espertar o interese polo uso de internet e ofrecer pautas para acceder á información precisa e ampliar coñecementos.

3. Potenciar o emprego dos encerados dixitais e/ ou paneis interactivos do centro.

4. Potenciar o uso do material tecnolóxico das aulas abalar en todas e cada unha das áreas.

5. Posibilitar a toda a Comunidade Educativa o acceso e a incorporación ás Tecnoloxías, facilitando o uso e manexo das ferramentas máis comúns:

- Difusión do uso dos ordenadores e programas básicos.
- Disposición dos equipos EDUCA nas aulas non E-DIXGAL.
- Realización de actividades conxuntas dos distintos sectores usando as TIC.

6. Potenciar os procesos de formación continua do profesorado na utilización das TIC.

7. Promover a calidade dos procesos coas novas tecnoloxías a través da aula virtual ou con copias de seguridade dos cursos e-dixgal cun repositorio de contidos e servizos en rede para o profesorado e o alumnado, tanto de xeito individual como colectivo, centrado maioritariamente nas aulas abalar.

CONTIDOS

A integración das TIC nas aulas ten que verse arroupada e cimentada nun Proxecto Educativo de Centro e nas características do mesmo.

Daremos prioridade a aqueles que promovan aprendizaxes polivalentes, xeneralizables, funcionais e relevantes para o futuro e desenvolvan destrezas básicas como:

- Traballo das catro destrezas lingüísticas en castelán, galego e inglés.
- Habilidades para buscar e seleccionar información.
- Capacidade de análise e razoamento crítico.



- Capacidade de aplicar coñecementos para resolver problemas.
- Capacidade para argumentar opinións.
- Capacidade de autoaprendizaxe.
- Resolución de inquedanzas e satisfacer a necesidade de formación permanente.
- O traballo en equipo.
- A comunicación e convivencia con outros.
- A conciencia de comunidade e participación, actitudes de respecto e tolerancia.
- Iniciativa.
- Motivación e perseveranza no traballo.

METODOLOXÍA

Pretendemos que o alumnado se familiarice co uso das TIC mediante unha metodoloxía activa e participativa, na que eles se sintan protagonistas do seu proceso de ensino – aprendizaxe en todo momento. Ao mesmo tempo a práctica docente debe encamiñar este proceso de ensino - aprendizaxe a satisfacer as necesidades da vida cotiá do alumnado.

Respectaranse os contidos de cada materia, sendo o uso das tecnoloxías unha ferramenta máis para a consecución dos obxectivos.

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE, ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

- Ordenadores na Aula de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. O alumnado contará con ordenadores multimedia para poder usar os materiais tecnolóxicos máis axeitados.

- Acceso aos materiais, programas e recursos específicos para as necesidades educativas do alumnado.

- Utilización de ordenador nas distintas actividades de aula para aquel alumnado con dificultades como dislexia, polo seu beneficio na adquisición das aprendizaxes.



AVALIACIÓN

Farase unha avaliación inicial para ter en conta os coñecementos previos do alumnado. Realizaremos unha avaliación continua e formativa do proceso de ensino – aprendizaxe, valorando tanto o progreso do alumnado na consecución dos obxectivos relacionados coas TIC como a súa actitude cara as mesmas, ademais do esforzo e traballo realizados.

A avaliación final será unha análise de todas as avaliacións levadas a cabo durante o curso académico.

7. PROPOSTAS DE TRABALLO E CONTIDOS NOS DIFERENTES CICLOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA

A) 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

** OBXECTIVOS DO EQUIPO DE CICLO*

- Actualizarse no uso das tecnoloxías para mellorar a competencia dixital
- Utilizar os recursos informáticos existentes no centro para reforzar contidos a través de xogos e programas educativos da etapa.

** CONTIDOS QUE SE TRABALLARÁN CO ALUMNADO*

- Uso do rato: Forma correcta e cómoda de usalo. Movemento. Pulsar o botón esquerdo para efectuar seleccións e executar acción. Pulsar e arrastrar para mover elementos. Dobre clic para executar accesos directos do escritorio.
- Uso do teclado: Uso de cursores para moverse pola pantalla. Uso de teclas concretas marcadas con “gomets”.
- Selección de iconas do escritorio para executar programas.
- Uso de programas informáticos sinxelos.
- O alumnado debe aprender a acender e apagar o ordenador.
- Realización de actividades lúdicas nos EDI e nos paneis interactivos.



B) 1º e 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

* *OBXECTIVOS DO EQUIPO DE NIVEL*

- Actualizarse no uso das tecnoloxías para mellorar a competencia dixital tanto do profesorado como do alumnado..

- Manter reunións frecuentes para intercambiar experiencias e información sobre recursos TIC a utilizar na aula.

* *HABILIDADES BÁSICAS A TRABALLAR CO ALUMNADO*

- Acender e apagar o ordenador "correctamente".

- Uso correcto do rato: Movemento. Pulsar o botón esquerdo para seleccionar ou executar unha acción. Pulsar e arrastrar para mover elementos.

- Uso do teclado: Uso dos cursores para moverse pola pantalla. Iniciación do uso de teclado en actividades lúdicas.

- Localización dalgunhas letras.

- Uso da tecla "May" para accder ás maiúsculas ou da tecla "Intro" para introducir un salto de liña.

- Selección de iconas do escritorio para executar programas.

- Iniciación no uso de internet para a busca de información sinxela.

- Uso de internet para aproveitar páxinas dirixidas a nenos e nenas de carácter lúdico educativo ou outras actividades relacionadas cos contidos que están a traballar nas diferentes áreas.

- Difusión na web do centro de producións do alumnado.

- Iniciarse no uso da aula virtual do centro.

- Realización de distintas actividades, propostas polo profesorado, nos paneis dixitais.



C) 3º e 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS DO EQUIPO DE NIVEL

- Actualizarse no uso das tecnoloxías para mellorar a competencia dixital tanto do profesorado como do alumnado..

- Manter reunións frecuentes para intercambiar experiencias e información sobre recursos TIC a utilizar na aula.

ACTIVIDADES A REALIZAR CO ALUMNADO

- Actividades elaboradas polo profesorado ou atopadas na rede, como reforzo e ampliación dos contidos traballados nas distintas áreas.

- Busca de información básica en internet e selección da mesma dos diversos contidos traballados na aula.

- Localización de todas as letras e aumento da velocidade de escritura.

- Selección de fontes e tamaño.

- Abrir arquivos xa existentes na carpeta "Mis documentos" ou no escritorio.

- Gardar arquivos na mesma carpeta ou noutra diferente.

- Crear nova carpeta nos "Meus documentos" para gardar e abrir arquivos.

- Utilización de distintos recursos que ten o ordenador.

- Uso de materiais dixitais que permitan, por unha banda, enriquecer o vocabulario do alumnado e, por outra banda, fomentar as catro destrezas básicas: comprensión e expresión oral e escrita das distintas linguas.

- Realización de actividades no procesador de textos.

- Realización de distintas actividades propostas polo profesorado de acordo cos contidos traballados coa finalidade de mellorar as distintas competencias.

- Utilizar o ordenador e o encerado dixital como reprodutor de contidos multimedia: presentación de unidades didácticas, vídeos, ...

- Usar recursos dixitais para realizar actividades de aula variadas.

- Utilización de programas de debuxo como Paint ou Tuxpaint, para desenvolver a capacidade de composición de formas, cores...

- Utilización do equipamento de Educa en dixital para a práctica coas tecnoloxías e a introdución do LINUX.

- Fomentar no alumnado a consulta habitual da web do centro.

- Uso da aula virtual do centro.



D) 5º e 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O centro está inmerso no proxecto Edix-gal en 5º e 6º de primaria; isto favorece en gran medida o uso das tecnoloxías da comunicación e da información en todas e cada unhas das áreas, ao dispoñer cada alumno dun ordenador persoal e cada aula dun encerado dixital, teñen a súa disposición continuamente material dixital.

OBXECTIVOS DO EQUIPO DE NIVEL

- Actualizarse no uso das tecnoloxías para mellorar a competencia dixital tanto do profesorado como do alumnado..
- Manter reunións frecuentes para intercambiar experiencias e información sobre recursos TIC a utilizar na aula.

ACTIVIDADES A REALIZAR CO ALUMNADO

- Uso completo do teclado incluíndo algúns "atallos" para facilitar os traballos.
- Coñecer e usar os principais aplicativos instalados nos equipos do alumnado: LibreOffice Writer, Impress, capturas de pantalla, Audacity, Gimp...
- Copiar, cortar e pegar fragmentos de texto.
- Uso do WordArt (no caso de Word).
- Manexo sinxelo dun programa de deseño e/ou retoque fotográfico. Con modificación de tamaño da imaxe e realización de recortes e efectos.
- Navegación en Internet: navegadores Firefox e Chrome.
- Uso do correo electrónico de aula con arquivos adxuntos en correo Web e con programa de correo.
- Uso dos buscadores en Internet.
- Xestionar carpetas e arquivos no disco duro.
- Recoñecemento das partes dun ordenador, os seus periféricos e as funcións e propiedades básicas destes.



POSIBLES ACTIVIDADES A REALIZAR NAS DISTINTAS ÁREAS

** ÁREA DE LINGUA*

- Realización de ditados con corrección ortográfica (procesador de textos).
- Utilización de Internet para realizar diferentes procuras segundo as unidades didácticas que se están a traballar na aula.

- Lectura de prensa dixital.

- Uso de dicionarios.

- Realización de actividades elaboradas polo profesorado de acordo cos temas que se están a traballar na aula.

** ÁREA DE MATEMÁTICAS*

- Busca en internet de páxinas educativas que traten as unidades didácticas que se teñan programadas e seleccionar a información que sexa máis conveniente, útil e interesante.

- Fomento do ordenador como ferramenta para a realización de cálculo mental.

- Utilización de programas de debuxo para os contidos de xeometría.

- Utilización de programas de debuxo para a representación gráfica das operacións básicas (multiplicación, división...)

- Utilización dos recursos do ordenador para a realización de diferentes actividades matemáticas.

- Resolución de actividades preparadas previamente polo profesorado.

** ÁREAS DE SOCIAIS E NATURAIS*

- Uso responsable do ordenador e de Internet.

- Procura de selección de información sobre os diferentes temas.

- Estudos específicos sobre temas concretos (visita a páxinas web sobre o tema a elixir, selección e comparación da información, procura de datos, imaxes e comparación con outras páxinas visitadas).

- Actitude responsable do profesorado, alumnado e familias para o uso do ordenador.

- Concienciación do alumnado sobre a información que podemos atopar en internet das diferentes culturas, razas e crenzas, para o fomento dunha cultura da paz, a tolerancia e a responsabilidade.

- Realización de actividades elaboradas de antemán polo profesorado con variedade de programas educativos.



* ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

- Uso de materiais dixitais que permitan, por unha banda, enriquecer o vocabulario do alumnado e, por outra, fomentar as catro destrezas básicas: comprensión e expresión oral e escrita.

- Creación de traballos co procesador de textos e/ou presentacións para a práctica e afianzamento do vocabulario e estruturas gramaticais, así como para mellora da ortografía.

- Busca en internet de información relacionada cos costumes, modos de vida e tradicións dos países de fala inglesa.

- Busca e selección en internet de textos sinxelos para fomentar a comprensión lectora.

- Realización de actividades elaboradas polo profesorado.

- Uso de dicionarios online.

* EDUCACIÓN PLÁSTICA E ARTÍSTICA

- Potenciar o uso de diferentes programas de debuxo ou educación musical.

- Fomentar a creación libre de actividades plásticas e artísticas.

* RELIXIÓN

- Busca en internet por parte do alumnado de información sobre contidos que se están a traballar (seleccionando, comparando e procurando datos e imaxes).

- Realización de actividades interactivas obtidas de blogs e páxinas web, relacionadas cos temas que se están a traballar.

- Presentación, por parte do alumnado, de contidos recopilados e elaborados por eles en formato dixital.

- Utilización do ordenador e do encerado dixital como reprodutor de contidos multimedia: presentacións, vídeos, documentais, cine,...



8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O plan de avaliación terá carácter anual e pretenderá detectar que obxectivos foron acadados ou incumpridos. Do resultado da avaliación deste seguimento, procuraranse as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os obxectivos non conseguidos.

A avaliación será continua e con carácter formativo mediante a observación directa.

A través das diferentes reunións dos equipos docentes recolleranse as pertinentes suxestións e observacións que vaian xurdindo.

Os posibles problemas detectados a diario, deberán ser comunicados ao/ á coordinador/a TIC .